

Migallas teatro

presenta

# Un avó especial



Unidade didáctica





Queridos/as profesores/as:

Velaquí tedes unhas cantas propostas para traballar ou, se cadría, seguir gozando do espectáculo de Migallas Teatro "UN AVÓ ESPECIAL". A nosa intención é que os/as nenos/as realicen actividades antes e despois de asistir á representación. Vós mesmos/as sodes as persoas máis indicadas para seleccionar as actividades que vos parezan más interesantes así como para efectuar as variantes que consideredes necesarias. Tamén vos animamos a crear propostas novas e a facernos calquera tipo de suxestión ou de consulta. Podedes atoparnos en:

"Migallas Teatro"  
Rúa de Erín, 2, 4º C  
Monte Porreiro  
36162 PONTEVEDRA

no teléfono e fax nº 986 86 47 57 ou no correo electrónico:

[migallas@migallas.com](mailto:migallas@migallas.com)

[www.migallas.com](http://www.migallas.com).

Esta unidade didáctica foi elaborada por María Campos e Carlos Yus co asesoramento de AFAPO.

# Índice

1. PRESENTACIÓN
2. PARA TRABALLAR SOBRE O ALZHEIMER.
3. PARA TRABALLAR SOBRE DITOS E CANTIGAS TRADICIONAIS.
4. PARA TRABALLAR SOBRE OS ELEMENTOS DA OBRA TEATRAL.
5. SOLUCIÓNARIO.

As cousas no seu sitio...



## 1. PRESENTACIÓN



"Un avó especial" é un espectáculo destinado a público familiar e a rapaces e rapazas maiores de 6 anos no que se aborda o tema da enfermidade do Alzheimer co obxectivo de axudarllles a comprender situacións que moitos deles poden vivir no seu contorno familiar.

Malia a seriedade do tema que trata ten un enfoque humorístico que persegue fomentar actitudes optimistas para afrontar os problemas da enfermidade e amosar a importancia que teñen os/as nenos/as para que os maiores viven momentos felices. Ditos tradicionais, llerias e enredos son un elemento máis da obra.

Á parte da enfermidade, tamén se trata o tema da relación entre os/as nenos/as e os/as vellos/as en xeral así como diferentes modos de educar os rapaces por parte dos membros da familia.

Así mesmo, os avós preséntanse como transmisores da sabedoría tradicional e peculiar de cada pobo fronte á uniformidade cultural imposta pola publicidade e os medios de comunicación da sociedade de consumo. Invítase a manter vivos os xogos, cancións e ditos sinxelos dos/as nenos/as de antano como medios de diversión, socialización e aprendizaxe.

Cada docente pode tratar as cuestiós que máis lle interesen en cada caso sen ter que cinguirse á temática da doença.

## FUNDAMENTACIÓN

Os rapaces e rapazas cando se atopan ante un membro do seu contorno máis próximo que sofre Alzheimer (a miúdo os avós), acostuman a reaccionar con medo e amosan o seu rexemento á presenza do enfermo. Para que entanden o que lles pasa ós seus familiares fai falta explicarlles, de forma básica e comprensible, que é o Alzheimer. Con esta intención AFAPOL e a compañía teatral MI GALLAS TEATRO decidiron elaborar unha obra de teatro titulada "Un avó especial" sobre esta enfermidade buscando unha terminoloxía e unha linguaxe adaptados ó nivel infantil.

### Sinopse:

Os actores, mentres acaban de maquillarse, explican que van contar a historia do avó Manuel. Sucédense varias escenas nas que o avó ten conta da súa neta Rosiña cando era bebé, cando empeza a ir ó colexió e cando xa vai facer oito anos. O avó vaille ensinando a vestirse, a comer, a xogar, axúdalle a facer os deberes, etc. mediante ditos, cantigas e enredos de acordo coa idade da nena e a situación concreta. Tamén teñen algúns que outro enfado, sobre todo cando Rosiña xa se considera maior e despreza as palabras e mesmo os regalos do avó.

Pasa o tempo e o avó comeza a facer cousas raras: mete os zapatos na neveira, sae á rúa en pixama, enfádase sen motivo, non recoñece a súa neta etc.

Rosiña cóntalle ó público que os seus pais lle explicaron que o avó tiña a enfermidade do Alzheimer. Dálles un toque cómico ós "despistes" do avó e tenta solucionar con imaxinación os conflitos que van xurdindo mentres se vai adaptando á nova situación.

Na última escena é Rosiña a que axuda ó avó a vestirse, a comer, a facer os deberes... dicíndolle cousas semellantes ás que lle dicía el noutrora e demostrándolle moito cariño.

## XÉNERO E ESTÉTICA

O xénero de "Un avó especial" oscila entre a comedia e o drama. Se ben ó longo de case toda a peza domina o humor, cara ó final, debido á temática que trata e ó desexo de concienciar adquire certo ton dramático.

A escenografía é sinxela, con elementos simples que crean os diferentes ambientes: un berce, unha mesa, dúas cadeiras, un cesto, un cabalo de madeira, un colgadoiro, etc... A música, as cancións e os ditos tradicionais ocupan un lugar importante no desenvolvemento da acción dramática.

#### FICHA ARTÍSTICA

Guión e Dirección: María Campos e Carlos Yus

Elenco:

Avó : CARLOS YUS.

Rosiña e Tía María: MARÍA CAMPOS.

Escenografía: MI GALLAS

Maquillaxe: BEGOÑA e ÁNXELA PAZ

Atrezo: ALBA TAMARA

Deseño de iluminación e de son: MI GALLAS

Técnico de son e luz: XURXO CORTÁZAR

Vestiario: CELSA CABALEIRO



#### FICHA TÉCNICA

Duración: 1 hora.

Tempo de Montaxe: 2 horas e 30 minutos.

Tempo de Desmontaxe: 1 hora

Medidas do escenario: - Ancho: 6 metros

- Altura ata o teito: 3,5 metros

- Fondo: 4 metros.

Potencia Eléctrica: 10.000 W

#### INFORMACIÓN SOBRE AFAPO

AFAPO (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE PONTEVEDRA) é unha asociación sen ánimo de lucro formada por familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias, colaboradores e voluntarios que foi constituída o 19 de febreiro de 2004 e cuxos fins principais son:

- a.- Prestar asistencia psicolóxica e moral ós familiares dos afectados pola enfermidade de Alzheimer e outras demencias.
- b.- Asesorar os familiares dos afectados pola enfermidade no referente a cuestións legais, sociolóxicas e económicas.
- c.- Proporcionar e difundir nos medios de comunicación as claves para advertir un posible diagnóstico da enfermidade e a súa terapia, co obxecto de facilitar a asistencia adecuada ós enfermos.
- d.- Facilitar, perfeccionar e controlar a asistencia ós enfermos para mellorar a súa calidade de vida.
- e.- Estimular os estudos sobre a incidencia, evolución terapéutica e posible etioloxía da enfermidade.
- f.- Manter os contactos necesarios con entidades e asociacións dedicadas ó estudio da enfermidade, dentro e fóra de España, co propósito de coñecer os últimos traballos científicos sobre a enfermidade e así poder transmitir a información ós familiares dos enfermos.

#### BREVE TRAXECTORIA DE "MI GALLAS TEATRO"

*Migallas Teatro* foi constituída como compañía profesional no ano 1996 aínda que como grupo afeccionado a súa creación data de 1992. Dende o ano 1996 ten realizado unha media de 70 representacións por ano o que suma unhas 600 actuacións como compañía profesional.

*Migallas Teatro* ten na actualidade espectáculos para público familiar e espectáculos para público adulto. Algunhas das súas personaxes transcenderon do ámbito teatral a outros medios como é o caso da popular Sra. de Palmírez do programa *Luar* da TVG.

Os espectáculos que ten en cartel durante a tempada presente son 8:

6 para público familiar:

- *iCanta connosco!*
- *Cantacontos*
- *O libro máxico*
- *O carballiño enfermo*

- ¿E se o cantamos?

- Un avó especial

e 2 para público adulto:

- O cantante e as mulleres

- ¡Cousas que pasan!

Por outra banda, nos anos 2002, 2003, 2004 e 2005 *Migallas Teatro* creou e escenificou o espectáculo da *Cerimonia de Apertura da Feira Franca* de Pontevedra e nos anos 2004 e 2005, o espectáculo ó aire libre *Os Irmandiños*, sobre a Revolta Irmandiña de 1467 en Pontevedra, no que participaron máis de 50 persoas.

Ademais da montaxe de espectáculos teatrais *Migallas Teatro* realiza talleres de expresión dramática a través de concellos, asociacións e colexios. Na cidade de Pontevedra coordina desde hai 7 anos os obradoiros de expresión dramática dirixidos a rapaces e rapazas de entre 4 e 14 anos que desenvolve o Concello. Tamén leva a cabo o programa de dinamización da lectura chamado "Contaescolas" nas escolas de educación infantil do ámbito rural apartadas do centro urbano de Pontevedra.

Para máis información sobre a Compañía, espectáculos, actuacións realizadas, axenda, fotografías, necesidades técnicas, etc. consultar a páxina web: [www.migallas.com](http://www.migallas.com).



## 2. PARA TRABALLAR SOBRE O ALZHEIMER

Antes de asistir ó teatro é moi importante explicarllles ós/ás nenos/as que a obra que van ver trata sobre unha enfermidade que afecta a persoas maiores e que aínda que hai escenas cómicas e participativas tamén hai momentos tristes e emotivos que requiren certo silencio e atención.

### I NFORMACIÓN SOBRE A ENFERMIDADE PARA O PROFESORADO

#### ¿Que é o Alzheimer?

O Alzheimer é unha enfermidade neurodexenerativa que reduce progresivamente a capacidade para recordar, aprender e razoar e que conduce o/a enfermo/a a unha incapacidade para coidarse e valerse por si mesmo/a ata depender totalmente doutras persoas. Acostuma aparecer a partir dos 60-65 anos.

#### ¿Como empeza?

Os primeiros síntomas son leves e imprevisibles:

- Pouco a pouco xorde a tendencia a esquecerse das cousas (non lembra que comeu hoxe).
- Desorientación no tempo (non recorda que día é, que hora, que mes) e no espazo (non reconoce lugares antes coñecidos).
- Cambios no estado de ánimo e no comportamento (nerviosismo, agresividade, depresión).
- Dificultade na comunicación tanto oral como escrita.
- Dificultade no manexo do diñeiro.
- Descuido no aspecto persoal (aseo, roupa, comida).
- Alteración do sono.
- Diminución das relacións sociais.

#### Fases

A evolución non é igual e non se manifesta do mesmo modo en todos os casos a medida que as células nerviosas (neuronas) morren e diferentes zonas do cerebro se van atrofiando. Con todo, en xeral pódese falar de tres fases:

- I nicial, cunha sintomatoloxía leve, o/a enfermo/a mantén a súa autonomía e só precisa supervisión cando se trata de tarefas complexas.

- Intermedia, con síntomas de gravidade moderada, o/a enfermo/a depende dun/dunha coidador/a para realizar as tarefas cotiás.
- Terminal, estado avanzado e terminal da enfermidade, o/a enfermo/a non se recoñece a si mesmo, presenta incontinencia urinaria e fecal e é completamente dependente.

A enfermidade do Alzheimer adoita ter unha duración media aproximada de 10-12 anos, aínda que isto pode variar moito dun paciente a outro e chegar mesmo ata os 20 anos.

### Descubrimento

Os síntomas da enfermidade como unha entidade nosolóxica á parte foron identificados por Emil Kraepelin e a neuropatoloxía característica foi observada por primeira vez por Alois Alzheimer en 1906.

### Causas

As causas da doença aínda non foron completamente descubertas, aínda que se ten relacionado coa acumulación anómala das proteínas beta-amiloide e tau no cerebro dos doentes. Nunha minoría de enfermos, a enfermidade de Alzheimer prodúcese pola aparición de mutacións nos xenes PSEN1, PSEN2 e APP. Neste caso a enfermidade aparece en épocas temperás da vida e transmítense de pais a fillos (polo que existe habitualmente historia familiar de enfermidade de Alzheimer en idades precoces).

### Tratamento

Na actualidade non existe cura para a enfermidade polo que os tratamentos dispoñibles van encamiñados a ralentizar a progresión da doença e mellorar a calidade de vida en canto á apatía, á iniciativa e capacidade funcional e ás alucinacións. Non obstante, na actualidade (agosto de 2006) a melloría obtida mediante fármacos é discreta.

Tamén se están realizando experimentos para conseguir unha vacina aínda que, polo de agora, os resultados non son satisfactorios.



Aspectos que hai que ter en conta no día a día cun enfermo de Alzheimer:

Consellos para mellorar a comunicación co enfermo:

- Débeselle falar amodiño, apoiando a palabra coa expresión, a actitude, co contacto físico e procurando que nos mire.
- Débese utilizar unha linguaxe concreta, repetir as informacóns se é necesario e comprobar que o entendeu.
- Utilizar frases curtas, sinxelas, e evitar as propostas que deixan varias eleccións. Se o enfermo reacciona de forma desmesurada ó que lle dicimos, pode significar que non nos comprendeu. En tal caso debemos manter a calma e intentar repetirlle a mensaxe uns minutos despois, utilizando unha linguaxe máis simple.
- Non debemos esquecer nunca que recoñece expresións de afectividade e cariño ata o final da súa vida.

Como facer que coma mellor:

- Asegurarnos de que a dentadura está en bo estado e de que non ten lesións na boca.
- Evitar distraccións no momento da comida.
- Mantelo sentado en posición cómoda.
- Concederlle o tempo que necesite para comer.
- Nesta acción de comer como noutras é importante que o enfermo siga facendo as cousas por si mesmo ata o momento en que lle resulte imposible. Se ante as primeiras vacilacións xa lle facemos todo é posible que esteamos acelerando a súa dependencia.
- Poucas cantidades e moi nutritivas.
- Aromatizar os alimentos.
- Intensificar os sabores.
- Modificar texturas.



### Como evitar a formación de úlceras:

- Controlar os factores de risco.
- O coidador pode colaborar enormemente cambiando de postura ó paciente coa debida frecuencia, utilizando almofadas para reducir a presión e limitando o tempo en que o enfermo estea sentado.
- Realizar exercicios pasivos.
- Evitar as engurras na cama e o arrastre do corpo do enfermo.
- Colocar o paciente xirado 30 graos en posición oblicua evitando elevar a cabeceira da cama máis de 30 graos.
- Realizar unha limpeza frecuente e coidadosa no caso de incontinencia.

### Incontinencia (consellos):

- Atrasar no posible poñerlle cueiros permanentes, xa que se se instauran moi pronto estamos acelerando o proceso. No seu lugar convén levar o paciente con frecuencia ó inodoro, establecendo unha rutina, que pouco a pouco vaia aprendendo a facer só alí as súas necesidades.
- Aínda despois de usar cueiros, convén realizar o exercicio anterior.
- Horario ríxido de limpeza. Unha despreocupación na substitución dos cueiros pode conducir a infeccións e úlceras.
- Debe evitarse a colocación de sondas permanentes, polo perigo que supoñen polas infeccións urinarias.

### Consellos ó coidador:

- Debe organizarse de modo que poida descansar o suficiente. Se quere coidaloo ben debe estar descansado.
- Concederse breves períodos de vacacións e de tempo libre para realizar algunas actividades relaxantes.
  - Non se debe reprochar nunca ter "abandonado" o enfermo.



## Bibliografía sobre o Alzheimer:

- Toral,A. Dolor en geriatría.Knoll 2000
- Kane, R. A.,Kane,R.L. Evaluación de las necesidades en los ancianos. Fundación Caja de Madrid. S G Editores S. A. 1993
- Serra- Mestres, J., López - Pousa, S., Boada Rovira,M. , Alberca Serrano, R.,Modelo de asistencia sociosanitaria para enfermos con demencia. Prous 1997
- Martínez Lage, J. M. , Khachaturian, Z. S. Alzheimer XXI : Ciencia y Sociedad. Masson 2001
- Giurgea, C. E. Envejecimiento cerebral. Masson. 1995
- Cummings, J. L., La Neuropsiquiatría de la enfermedad de alzheimer y demencias relacionadas. Atlas Medical Publishing. Ltd. 2004
- Khosravi, M. Convivir con un enfermo de Alzheimer: guía de ayuda a familiares y cuidadores. Ed.Temas de hoy. 1995.
- Sánchez Fierro, J., Libro verde sobre la dependencia en España. Ergon. 2004
- Cacabelos, R. , Enfermedad de Alzheimer: etiopatogenia, neurobiología y genética molecular, diagnóstico y terapéutica.J. R. Prous Editores. 1991.

## Páginas web sobre o Alzheimer:

- [www.ceafa.org](http://www.ceafa.org)
- [www.fundacionalzheimeresp.org](http://www.fundacionalzheimeresp.org)
- [www.alzheimer-online.org](http://www.alzheimer-online.org)
- [www.afaga.com](http://www.afaga.com)
- [www.alzheimer-europe.org](http://www.alzheimer-europe.org)
- [www.familialzheimer.org](http://www.familialzheimer.org)
- [www.infodoctor.org/infodoc/alzheimer](http://www.infodoctor.org/infodoc/alzheimer)



## ACTIVIDADES (VER SOLUCIÓNARIO NO PUNTO 5)

Cuestiós sobre a representación:

1. ¿Cales son os primeiros "despistes" que ten o avó na segunda parte da obra?

- Metera os zapatos ..... e os plátanos .....
- Pon a chaqueta do pixama para .....
- Pon un cesto .....
- Non atopa .....

2. ¿Fíxoché grazá?

3. ¿Como remata esta escena?

4. ¿Gustouche o final desta escena? ¿Por que?

5. Na seguinte escena aparece Rosiña a escribir no diario que lle regalara o avó.

¿Pasoulle o enfado? ¿Por que?

6. ¿Que lle explicaron os pais sobre o avó Manuel?

7. ¿Como lle dixeron que ten que comportarse con el aínda que lle berre e a castigue sen motivo ningún?

8. ¿De onde vén o avó? ¿Porque vai a ese sitio?

9. ¿Que diferenzas hai entre o avó das escenas anteriores e o avó desta escena final?

- En canto á forma de moverse e de andar:
- En canto a expresión da cara:
- En canto á forma de falar:
- En canto ás cousas que di:
- En canto ás cousas que fai:

10. ¿Por que se comporta así?

11. ¿Perdeu completamente a memoria?

11. ¿Como o trata Rosiña?
12. ¿Que intenta facer Rosiña? ¿Conséguo? ¿Por que pensas que si ou que non o consegue?
13. ¿Como reaccioná Rosiña cando se dá conta de que o avó non curou?
14. ¿Que ditos e llerias lle di Rosiña? ¿Quen llas aprendeu a ela?
15. ¿Cal di Rosiña que é a mellor medicina do mundo?
16. ¿Que lle di ó final da obra cando o avó queda durmido na randeeira?

### Cuestións xerais

As cinco primeiras preguntas pódense tratar antes de ver a obra.

- 1-¿Como son os teus avós e avoas (ou bisavós e bisavoas)?¿Onde viven e con quen?
- 2- ¿En que traballan ou traballaban?¿Que lles gusta facer?
- 3-¿Que fas ti con eles? ¿Paseas, xogas...?
- 4-¿Ensináronche algún xogo, algúna canción, algún conto...? ¿Cales?
- 5- ¿Falas a miúdo con outras persoas maiores?
- 6-¿Coñeces algúna persoa a quen lle pase o mesmo que ó avó de Rosiña?
- 7-¿Como a tratan os seus familiares?
- 8-¿Como a tratas tu?

### 3. PARA TRABALLAR SOBRE OS DITOS E AS CANTIGAS TRADICIONAIS

Non é preciso lembrar a importancia que teñen as cantigas e ditos que acompañan os xogos infantís tanto entre adultos e nenos/as como entre os propios cativos para o desenvolvemento, aprendizaxe e socialización das persoas. Tampouco é necesario lembrar a enorme variedade de lerias coas súas diferentes versións que inzan a literatura popular infantil de Galicia. Mais no que si é preciso incidir é na necesidade imperiosa de conservar, recuperar e espallar todas estas cantarelas e ditos, moitos deles exclusivos da nosa terra, para que sigan sendo ferramentas educativas e de lecer para os/as galegos/as do século XXI.

En “Un avó especial”, quixemos transmitir tamén esta mensaxe urxente introducindo unha minúscula mostra desta riqueza cultural a través dos personaxes dos avós. Tamén foi intención de “Migallas Teatro” amosar o valor e mesmo a “utilidade práctica” de coñecer e gozar da sabedoría tradicional herdada dos nosos devanceiros fronte á uniformidade cultural imposta pola sociedade de consumo.

A continuación transcribimos as cantigas e ditos que aparecen na obra “segundo a orde de aparición”. As posibilidades para traballalas cos/as alumnos/as son múltiples. Desde a simple aprendizaxe ata propostas más complexas. Animámosvos a desenvolver as vosas propias ideas.

Algunhas suxestións para comenzar poden ser:

- 1) O/a profesor/a fai os xestos mentres recita a cantarela e os/as alumnos/as repiten como se fosen espellos.
- 2) Por parellas vanse facendo os xogos.
- 3) Nalgúns casos como o de Touporroutou, ademais de facer a cantiga dialogada pódese marcar o ritmo coas mans, cos pés, etc.
- 4) Animar os/as nenos/as a que pregunten nas casas sobre outras variantes e outros ditos e a practicalos cos irmáns pequenos.
- 5) Invitar ó colexió algúns avós e avoas para que lles aprendan máis lerias.

## Ditos

### Arrolo

Esta meniña ten sono,  
ten ganiñas de durmir,  
ten un olliño pechado  
e o outro non o pode abrir.

### A cara

Este olliño pimpilín,  
este olliño pimpilán.  
Este nariz narizán.  
Esta boca pide pan  
Este queixo non llo dá.  
Arríncate cabalán.

### A man.

Cinco lobíños ten a loba  
brancos e negros detrás da "escoba".  
Cinco quería, cinco criaba  
e a todos os cinco tetiña lles daba.

### Palmas:

Palmas, palmiñas,  
que vén o papá.  
Palmas, palmiñas,  
que ¿cando virá?

### Ás cabaliñas na perna.

Rosiña foi a París  
nun cabalo gris  
ó paso, ó trote,  
ó galope, galope, galope.





## Bambán

Ris, ras aparta "pa" alá  
que perdo o compás.

## Na man

Palma, repalma,  
"chica" morena.  
¿Como a queres,  
grande ou pequena?

- Grande
- ¡Pumba!
- Pequena
- ¡Tin!

## No brazo

Soben as formiguiñas,  
guiñas, guiñas, guiñas.  
Baixan os elefantes,  
fantes, fantes, fantes...  
Soben as formiguiñas,  
guiñas, guiñas, guiñas.  
¡Facendo coxeguiñas!

Un neno foi á carnicería  
e díxolle á carniceira:

- Quero un anaquiño de carne.
- ¿Por onde? ¿Por aquí?
- Un pouquiño más, un pouquiño más.
- ¿Por aquí?
- Un pouquiño más, un pouquiño más.
- ¿Por aquí?
- Un pouquiño más, un pouquiño más.
- ¡Por aquí, por aquí, por aquí!

## As orellas

- ¿Isto que son orellas ou campás?
- Campás.
- As campás hai que tocalas ¡Din, dan!  
¡Din,dan!
- ¿Isto que son orellas ou campás?
- Orellas.
- As orellas hai que comelas ¡Ñam, ñam, ñam,  
ñam!



## Para comer

Trispilistrás, trispilistriñas,  
o que non come non ten barriguña.  
Trispilistrás, trispilistrolas,  
o que non come non ten barrigola.

## Os dedos da man (dende o maimiño ata o polgar).

Este foi ó mar e non pescou nada.  
Este foi ó mar e pescou unha pescada.  
Este quedou en terra e lavouna ben lavada.  
Este quedou en terra e fixo unha caldeirada.  
E este lambón, lacazán... ¡papouna, ben papada!

## Para vestirse (sinalando os botóns):

Filla do Rei,  
boa moza,  
"xorobada",  
tiñosa,  
filla do Rei...

## Para andar:

Pachín, pachín, pachón.  
¡Moito coidado co que facedes!  
Pachín, pachín, pachón.  
¡A garavanciño non pisedes!

## UNHA VELLA

Unha vella tiña un can  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

O can ladraba: guau, guau.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un gato  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

O gato miañaba: miau, miau.  
O can ladraba: guau, guau.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un rato  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

O rato chiaba: iiii, iiii.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un galo  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

O galo cantaba: quiquiriquí.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña unha ovella  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

A ovella meaba: beeeeebeee.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
O galo cantaba: quiquiriquí.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un boi  
debaixo da cama onde ela durmía. (bis)

O boi bruaba: muuu, muuu.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
O galo cantaba: quiquiriquí.  
A ovella meaba: beeeeebeee.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un porco  
debaixo da cama onde ela durmía.

(bis)  
O porco roñaba: oiiii, oiiii.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
O galo cantaba: quiquiriquí.  
A ovella meaba: beeeeebeee.  
O boi bruaba: muuu, muuu.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un burro  
debaixo da cama onde ela durmía.

(bis)  
O burro orneaba: iaaaa, iaaaa.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
O galo cantaba: quiquiriquí.  
A ovella meaba: beeeeebeee.  
O boi bruaba: muuu, muuu.  
O porco roñaba: oiiii, oiiii.  
e a vella non se decataba.

Unha vella tiña un lobo  
debaixo da cama onde ela durmía.

(bis)  
O lobo ouveaba: auuu, auuu.  
O can ladraba: guau, guau.  
O gato miañaba: miau, miau.  
O rato chiaba: iiii, iiii.  
O galo cantaba: quiquiriquí.  
A ovella meaba: beeeeebeee.  
O boi bruaba: muuu, muuu.  
O porco roñaba: oiiii, oiiii.  
O burro orneaba: iaaaa, iaaaa.  
O lobo ouveaba: auuu, auuu  
e a vella ¡por fin se decataba!  
E así dicía:  
*¡Mal raió te parta can  
que mal agradeces  
o pan que che dan! (bis)*

Suxestión: dividir a clase en grupos de "animais" para intervir segundo a quenda de cadaquén.

### Touporroutou

- Touporroutou, vou para Roma.
- Touporroutou, por unha corredoira.
- Touporroutou, ¿que vas buscar?
- Touporroutou, unha presa de sal
- Touporroutou, ¿para que é o sal?
- Touporroutou, para botarllas ás verzas.
- Touporroutou, ¿para que son as verzas?
- Touporroutou, para botarlle ó caldo.
- Touporroutou, ¿para que é o caldo?
- Touporroutou, para botarllas ás galiñas.
- Touporroutou, ¿para que son as galiñas?
- Touporroutou, para poñer ovos
- Touporroutou, ¿para que son os ovos?
- Touporroutou, ¡para comelos todos!

Para contestarlle a alguén que non quere algo que lle ofrecen:

- ¡Non quero!
- ¿Non queres? ¡Para quen non quere teño eu moito!

Dito contra o medo:

O medo, hai que entretelo.

Adiviña:

¿Que cousa cousiña é  
que canto máis grande é  
menos se ve?  
(A escuridade)

## BIBLIOGRAFÍA:

*Lerias e enredos para os más pequenos*

M Barrio - E. Harguindegay

Ed. Galaxia, 1983

*Dedín dedín de Pequenequín*

Seminario "Papeles de literatura infantil"

Edicións do Castro, 1990

*Cando o Rei por aquí pasou*

Palmira G. Boullosa

Ed. Xerais, 1997

*¿Que cousa é cousa...?*

Paco Martín

Ed. Galaxia, 1985

*Chirlosmirlos*

Antón Cortizas

Ed. Xerais, 2001

*Xogos Populares en Galicia*

Ricardo Pérez y Verdes e Xaquín Alberto Tabernero Balsa

Edicións Lea, 1997

*O libro dos xogos populares galegos*

Paco Veiga

Sotelo Blanco Edicións, 2001

*Xogo Popular Galego*

Paco Veiga

Sotelo Blanco Edicións, 2001

*Xogos Infantiles de Galicia*

Arturo Romaní

Follas Novas Edicións, 1979

*Os xoguetes esquecidos*

Xosé López González e Xosé Manuel García

A Nosa Terra, 2002

#### 4. PARA TRABALLAR OS ELEMENTOS DA OBRA TEATRAL (VER SOLUCIÓNARIO NO PUNTO 5)

##### 1. Actores e actrices.

Personaxes. Caracterización, vestiario, interpretación.

Diferenza entre personaxe e actor.

¿Cantos actores hai?

¿Cantos personaxes?

Caracterización e interpretación:

¿Que fan os actores para parecer más vellos?

¿Como se visten?

¿Como falan?

¿Como andan? ¿Como se moven?

¿Que fai a actriz para parecer más nova?

¿Como se viste?

¿Como anda? ¿Como se move?

¿Como fala?

¿Os personaxes de Rosiña e do avó son sempre iguais ó longo da obra?

Se pensas que cambian ¿en que cambian?

Actividade:

##### O "Baúl de disfraces":

Informamos as nais e pais dos nenos sobre a actividade.

Cada nen@ traerá da casa unha peza. Un día traemos unha tea.

Outro, elixiremos entre sombreiro, guantes, panos da cabeza, abano, lentes, zapatos grandes...

Pouco a pouco iremos facendo o noso "Baúl de disfraz".

O Baúl seranos moi útil para representar contos que se traballen na clase; unha presentación ou improvisación da clase de lingua, castelán, inglés ou simplemente para pasalo ben a modo de distensión nun momento do día.

Desfile de Moda.

Maquillaxe.

Creación de personaxes fantásticos...

Andar e moverse coma un/unha vello/a, coma un/unha neno/a pequeno/a, etc.

## 2. Escenografía e atrezo.

- ¿En que lugar transcorre a representación?
- ¿Que mobles e obxectos están todo o tempo presentes no escenario?
- ¿Que podería simbolizar o cabaliño de madeira?
- ¿Hai dous mobles que só aparecen nunha escena? Un ó principio e outro ó final. ¿Cales son?
- ¿Teñen algo en común segundo a súa función?
- ¿Que lugar ocupan os personaxes cando aparecen estes mobles?
- ¿Que podería significar isto?
- ¿Que elementos do atrezo ou obxectos utilizan os personaxes?

Debuxa unha escena determinada cos mobles, os personaxes e o atrezo.

Un elemento moi importante do atrezo é a "Caixa dos segredos" do avó.

- ¿Onde está gardada?
  - ¿Cantas veces aparece durante a obra?
  - ¿Quen a saca de cada vez e para que?
- Dentro da caixa hai varios obxectos que lle lembran cousas ó avó. Ademais cada un deles está relacionado cun sentido diferente consonte o recordo do avó. ¿Saberías relacionar cada obxecto co seu sentido?:

1) Cinta de veludo	oído
2) Buguina.	gusto
3) Cristal.	tacto
4) Romeu	vista
5) Culler	olfacto

¿Cales son os recordos que lle traen estes obxectos ó avó?

¿Que ocorre ó final da obra cando Rosiña vai sacando os obxectos da caixa?

Actividade:

I mos comprobar que tal están os nosos sentidos e para iso nada mellor que a ¡Gran Festa dos Sentidos!.



### VISTA

Dividimos a clase en dous grupos. Colocámonos por parellas, unha fila en fronte da outra. Observamos atentamente a nosa parella. A continuación unha fila sae da clase. Cada nen@ fai 3 cambios no seu vestiario. Volvemos ocupar o noso lugar de inicio. Por parellas van dicindo os cambios en alto.



### OÍDO

Cos ollos pechados.

Escoitamos ruídos de diferentes ambientes e recoñecémoslos,  
cidade/mariño  
motos/paxaros...

Escoitamos músicas moi diferentes. Agora formamos parte dun grupo de música. Cada vez que cambia a música cambiamos de instrumento (guitarra, frauta, dirixir,...)



### OLFACTO/GUSTO/TACTO

@s nen@s traerán da casa cousas que teñan diferentes sabores, olores e tactos.

Ollos vendados con panos da cabeza.

Música suave.

Traballar en silencio.

O/A profesor/a buscará a maneira de facer a actividade dependendo da idade dos nenos e do que se teña traballado con eles.

Posibilidades:

A) Por parellas. Un fai de lazarro e o outro leva os ollos vendados. A comunicación non poderá ser verbal. Traballarán en silencio. O guía conducirá o seu compañeiro polo espazo e iralle dando diferentes

cousas para que sinta, toque,ula.... Despois dun tempo que o/a profesor/a considere oportuno farase o cambio e o que foi guía será agora cego.

B) Pequenos grupos sentados adiviñan o que o/a profesor/a lles vai dando a ulir, tocar ou probar.

Poderanse traballar en sesións diferentes ou unidos nunha mesma sesión. Ó final comentamos as sensacións agradables e desagradables e podemos despois

- Pintar as diferentes sensacións
- Contar un conto que teña que ver coas vivencias: "A que sabe a lúa", "A casiña de Chocolate", "A familia sabores"...
- Rematar coa merenda dos alimentos que trouxeron @s rapaces para adiviñar.

Despois de ver os obxectos da caixa dos segredos Rosiña xa non ten medo

¿De que tiña medo?

¿De que tes medo ti?

Fórmula máxica para quitar o medo:

Debuxamos as cousas que nos dan medo. Logo xuntámolas todas e rompémolas en anaquiños. Metemos todos os anaquiños nun frasco; botámolslle perfume e dicimos as palabras máxicas: ¡CHIS GARABÍS RASPLÍS! O medo desapareceu.

Outro dos elementos importantes do atrezo é "O diario".

¿En que escenas aparece o diario ó longo da obra?

¿Cal é a reacción de Rosiña cando o avó llo regala? ¿Porque fai iso?

¿Paréceche ben o que fai Rosiña? ¿Farías ti o mesmo?

¿Que fai entón o avó? ¿Paréceche ben o que fai o avó?

¿Por que lle regala o avó un diario?

¿Utiliza Rosiña o diario?

¿Que está Rosiña escribindo no diario cando chega o avó?

¿Tes ti un diario?. Se non o tes fai a seguinte actividade:

Colle un caderno de tamaño mediano e debúxalle o título na portada: Diario de ..... (o teu nome).

Pon a data de hoxe e escribe algo que che pasou ou que sentiches hoxe.

Acompáñao dalgún debuxo, algún recorte, algunha foto. Vai escribindo un pouquiño cada día. Uns días terás más cousas que contar e outras menos pero xa verás despois que ben o vas pasar lendo as cousas que escribiches.

Outro elemento do atrezo é o millo (espigas, carozos, grans) e os cestos.

¿Que fai o avó coas espigas de millo e os cestos?

¿Gústalle facelo a Rosiña?

¿Para que fai isto?

¿Que son os carozos?

¿Que constrúe con eles o avó?

¿Coñecedes o proceso do pan de millo?

Actividades:

Mirade na lámina do proceso do pan de millo. Recortade cada cadrado,

remexédeos a xeito de crebacabezas e intentade ordenalos.

Aquí tedes unha canción de Migallas que conta o proceso. Poñedelle música e intentade aprendela:

### PAN DE MILLO

SE PAN DE MILLO VAS MERENDAR

TI MOI ATENTA TERÁS QUE ESTAR

SE PAN DE MILLO VAS MERENDAR

TI MOI ATENTO TERÁS QUE ESTAR

HAI QUE PLANTAR

HAI QUE ESPERAR

LOGO NACER

E ESFOLLAR           (BIS)

SE PAN DE MILLO...

HAI QUE GARDAR

HAI QUE DEBULLAR

LOGO MOER

E PENEIRAR           (BIS)

SE PAN DE MILLO...

HAI QUE AMASAR

HAI QUE FURAR

LOGO COCER

E A PAPAR.           (BIS)

¡ÑAM, ÑAM, ÑAM, ÑAM!

Pódense facer algúns pasos do proceso do millo como esfollar, debullar, moer (con dous coios), papar e, nas zonas rurais, o proceso completo. Pódense construír castelos con carozos, bonecas, carriños, animais, etc. Hai moitas propostas escolares para traballar en torno ó millo. Buscade algunas. Buscade unha persoa que saiba facer cestos e aprendede a facer un cestiño coas técnicas básicas.

Outro elemento do atrezo é o ovo que se supón que puxo a galiña no medio da sala.

¿Que broma lle gasta Rosiña ó avó?  
¿Pareceuche divertida?  
¿Enfadouse o avó?  
¿Como remata esta escena?

Actividades:

Rosiña cacarexa e móvese como unha galiña. Xogo de presentación:

En rolda. Imos saíndo ó centro do círculo andando como se fósemos un animal. Ó chegar ó centro presentámonos ante os/as nosos/as compañeiros/as dicindo *Eu son....+ un son ou xesto do animal* e volvemos ó sitio. Despois o/a profesor/a dará unha palmada e toda a rolda ó mesmo tempo intenta imitalo o máis fielmente posible. Importante evitar risas.

Podedes utilizar o material sobre Coñecemento do medio para facer actividades relacionadas cos ovos e coas galiñas. Se estades nunha zona rural estas actividades poden ser moito más prácticas.

Manualidade do ovo e do pito: recortade os elementos da lámina, únideos mediante un encadernador e xogade a facer nacer o poliño.

Outro elemento do atrezo é a boneca que fala.

¿Quen lle regalou esa boneca a Rosiña?  
¿Porque lla regalou?  
¿Por que está enfadada Rosiña?  
¿Como quere celebrar o seu aniversario?  
¿Como lle di o avó que o poden celebrar?  
¿Que tal se porta Rosiña nesta escena?  
¿Paréceche ben que se porte así? ¿Por que?  
¿Como remata esta escena?  
¿Pensas que o avó ten razón para enfadarse e castigar a Rosiña?

¿Que ocorre despois?

¿Que decide facer o avó coa boneca que fala?

¿Que sucede a continuación?

¿Despois de ver os obxectos da caixa dos segredos, que saca o avó?

¿Que lle di a Rosiña o avó?

¿Pídelle perdón Rosiña?

¿Como celebraches o teu último aniversario?

Actividade:

Preguntade na casa como celebraban o aniversario os vosos pais cando eran pequenos e os vosos avós. ¿Onde o celebraban? ¿Que comían? ¿Que facían? ¿A que xogaban? Comparade o que facían antes uns e outros co que facedes agora. ¿Que diferenzas notades?

### 3. Iluminación.

¿Hai sempre a mesma luz no escenario?

¿Lembras algunha escena onde houbese menos luz?

Actividades:

Xogar a facer sombras detrás dunha saba. Estas poden ser individuais ou de grupo, pódense utilizar obxectos para crear seres fantásticos, etc.

Utilizar focos ou lanternas con filtros de diferentes cores para iluminar a mesma o diferentes escenas e comentar as sensacións que nos producen.

### 5. Son.

A música e os efectos sonoros axudan a crear emocións nos/as espectadores/as. ¿Lembras algunha escena na que os cambios na música ou os efectos sonoros che chamasen a atención?

Actividades:

Pódense facer multitude de actividades coa música. Non hai más que falar co profesorado desta materia. Con todo, algunas propostas moi simples relacionadas coa expresión dramática e plástica poden ser:

- moverse ó ritmo de diferentes músicas (rápida, lenta, alegre, triste,etc), cando a música pare, converterse en estatuas.
- ver ou representar unha mesma escena muda con músicas diferentes de fondo.

- ver ou representar unha escena falada sen música nin efectos sonoros e despois con música e efectos.
- debuxar e pintar segundo o que nos inspiren as músicas e sons que imos escoitando.

## 6. O texto.

¿Cal foi a escena que más che gustou?

¿Por que?

¿Cal foi a escena que menos che gustou?

¿Por que?

¿Puxécheste triste nalgún momento?

¿Cando? ¿Por que?

Actividades:

Aquí aparece o comezo do diálogo entre o avó e Rosiña cando ela non quere quedar co avó. Continúa ti co resto. Non ten por que rematar igual que na obra.

### *O avó despídese da filla.*

- Ala nena, pasa que che vai coller o frío. Ala Luísa non teñas coidado que aquí queda ben a rapaza. I de logo que xa é noite. Rosiña... ¿Como vés toda desabotoada? A ver, filla do rei...,  
(Rosiña enfociñada) ¡Hum...!
- ¡Oh! ¿E logo que foi?
- ¡Non quero estar aquí!
- ¿E logo, non che gusta estar comigo? Ala, que me axudas a debullar o millo.
- ¡Non quero! Maña é o meu "cumple".
- Xa o sei, bonita. Como non me vou lembrar. E vas facer oito anos. Case naces no coche. Era unha noite de tormenta e chovía, chovía a Deus dar...
- (Ó mesmo tempo có avó) ¡Chovía a Dios dar! ¡Avó, iso xa mo contaches mil veces! ¡Quero celebrar o meu "cumple"!
- Pois claro que o habemos celebrar.
- ¡Si, pero non aquí!
- ¿E por que non se sempre o celebramos aquí? Poden vir os teus amigos e faremos un chocolate riquísimo para todos...

- ¡Boh, un chocolate! ¡Eu non quero chocolate! ¡Eu quero ir ó "Chicho Park"!
- ¿Onde?
- Ó "Chicho Park", avó, ¿onde vai ser? onde se celebran todos os "cumpleas".
- ¿E logo non hai sitio bastante aquí?
- Pero aquí non hai piscina de bolas.
- ¿Piscina de bolas? ¿E iso que é?
- Pois que vai ser unha piscina chea de bolas de colores.
- Home, pois aquí piscina non temos, non, pero tamén vos podedes meter na poza de regar.
- ¡Boh! Pero non ten bolas!
- Pois... ¡botámoslle unhas patacas!
- ...

Por parellas improvisade un diálogo entre un avó ou avoa e un neto ou neta rabudo/a.

Improvise outras escenas.

Escribe os diálogos doutras escenas da obra.

## 5. SOLUCIÓNARIO

### PARA TRABALLAR SOBRE O ALZHEIMER

#### ACTIVIDADES

Cuestións sobre a representación:

1. ¿Cales son os primeiros “despistes” que ten o avó na segunda parte da obra?

- a. Metera os zapatos na neveira e os plátanos no armario.
- b. Pon a chaqueta do pixama para ir de paseo.
- c. Pon un cesto na cabeza en lugar do sombreiro.
- d. Non atopa as chaves.

2. ¿Fíxoché grazas?

3. ¿Como remata esta escena?

- e. O avó enfádase moito con Rosiña porque pensa que é ela a que lle esconde todo e castíga a sen ir pasear.
- f. Rosiña protesta e tamén se enfada porque ela non fixera nada e o avó castigouna inxustamente.

4. ¿Gustouche o final desta escena? ¿Por que?

5. Na seguinte escena aparece Rosiña a escribir no diario que lle regalara o avó.

¿Pasouelle o enfado? Si ¿Por que? Porque está escribindo no diario que lle regalara o avó e porque os pais xa lle explicaron o que lle pasa.

6. ¿Que lle explicaron os pais sobre o avó Manuel?

Que ten unha enfermidade como teñen os avós e avoas doutros amigos, que non oen ben ou que non ven ben... O que lle pasa ó avó Manuel é que está perdendo a memoria. A doença chámase Alzheimer.

7. ¿Como lle dixeron que ten que comportarse con el aínda que lle berre e a castigue sen motivo ningún?

Dixéronlle que ten que tratalo con moito cariño e que se se enfada con ela sen motivo que non llo tome a mal porque é por culpa da enfermidade. El segue queréndoal moitísimo. Ten que ter moita paciencia.

8. ¿De onde vén o avó? ¿Porque vai a ese sitio? ¿Que fai alí?

Vén dunha especie de "escola para maiores", un Centro de día.

Vai para facer amigos/as, exercitar a memoria e que non se lle esquezan tan rápido as cousas. Alí fai contas, crebacabezas, colorea láminas con obxectos da casa, ve contos, fai debuxos seguindo as liñas de puntos, etc.

9. ¿Que diferenzas hai entre o avó das escenas anteriores e o avó desta escena final?

- En canto á forma de moverse e de andar: anda moi amodo arrastrando os pés e móvese moi lentamente e con dificultade. Rosiña ten que axudalo a quitar o abrigo, deixar o bastón, sentarse, etc.

- En canto á expresión da cara: case sempre ten a mirada fixa, non ri e apenas expresa sentimentos.

- En canto á forma de falar: fala moi pouco e con pouca forza.

- En canto ás cousas que di: repite moitas veces o mesmo: "¿Onde está túa nai?" "¿Está pechada a ventá?"

- En canto ás cousas que fai:

Quere quedar coas pinturas e as tesoiras que lle collera a Rosiña.

Engurra a ficha que saca Rosiña da súa carteira.

Ó verse reflectido nun espello pensa que a súa imaxe é un home que os está mirando.

Colle un garfo para tomar o iogur.

Asústase moito cando sente un trono.

10. ¿Por que se comporta así?

Porque está enfermo de Alzheimer.

11. ¿Perdeu completamente a memoria?

Non de todo. Ás veces recorda algo como cando ole o romeu ou cando Rosiña se confunde cantando a canción dos animais e dille: "O gallo cantaba: quiquiriquí"

12. ¿Como o trata Rosiña?

Trátao con moito cariño, axúdalle a facer as cousas, anímao, entreteno, dálle bicos e louumiños...

13. ¿Que intenta facer Rosiña? ¿Conséguelo? ¿Por que pensas que si ou que non o consigue?

Rosiña intenta curalo ensinándolle os obxectos que el gardara na "Caixa dos segredos". Parece que está curado porque se lembra do romeu e do caramelo que facía a súa nai coa culler pero, de súpeto, chámalle "Luísa" a Rosiña porque a confunde coa nai. Despois non a recoñece e dille que marche para a súa casa.

14. ¿Como reaccionha Rosiña cando se dá conta de que o avó non curou?

Primeiro ponse moi triste, pero despois seca as bágoas, tráelle a merenda ó avó e segue animándoo coa súa iceria.

15. ¿Que ditos e icerias lle di Rosiña? ¿Quen llas aprendeu a ela?

- Este foi ó mar...
- Trispilistrís...
- Os botóns...
- Unha vella tiña un can...
- Este meniño ten sono...

Aprendeullas o avó cando era pequena para distraela mentres comía, mentres se vestía, etc.

16. ¿Cal di Rosiña que é a mellor medicina do mundo?

Di que a mellor medicina do mundo é o cariño.

17. ¿Que lle di ó final da obra cando o avó queda durmido na randeeira?

Que ela e a súa familia van facer todo o posible para que os recordos permanezan co avó e que cando xa non recorde nada ela vai estar sempre ó seu lado para lembrarlle todas as cousas que el lle aprendera porque el sempre foi e será un avó moi especial.

## PARA TRABALLAR OS ELEMENTOS DA OBRA TEATRAL

### 1. Actores e actrices.

Personaxes. Caracterización, vestiario, interpretación.

Diferenza entre personaxe e actor.

¿Cantos actores hai? **Dous: María e Carlos.**

¿Cantos personaxes? **Tres: María fai da Tía María e de Rosiña  
Carlos fai do avó Manuel.**

Caracterización e interpretación: (**As respuestas son doadas tras ver a obra**)

¿Que fan os actores para parecer más vellos?

¿Como se visten?

¿Como falan?

¿Como andan? ¿Como se moven?

¿Que fai a actriz para parecer más nova?

¿Como se viste?

¿Como anda? ¿Como se move?

¿Como fala?

¿Os personaxes de Rosiña e do avó son sempre iguais ó longo da obra? Se pensas que cambian ¿en que cambian?

Na segunda parte da obra o avó está enfermo e non se comporta igual que ó principio (ver resposta 9 das preguntas para traballar sobre o Alzheimer).

Rosiña faise más maior e cambia de roupa. Primeiro leva vestido e chichos e despois, pantalón e gorra de viseira. En canto ó carácter vólvese respondona e rabuda, pero más tarde volve ser amable e cariñosa co avó.

### 2. Escenografía e atrezo.

¿En que lugar transcorre a representación? **No cuarto de estar**

¿Que mobles e obxectos están todo o tempo presentes no escenario?

**Un colgadoiro, un tallo, unha arca de vimbio, dúas cadeiras, unha mesa de braseiro e un cabaliño de madeira.**

¿Que podería simbolizar o cabaliño de madeira? **O paso do tempo.**

¿Hai dous mobles que só aparecen nunha escena? **Un ó principio e outro ó final.** ¿Cales son? **O berce ó principio e a randeeira ó final.**

¿Teñen algo en común segundo a súa función? **Os dous serven para descansar e poden balancearse.**

¿Que lugar ocupan os personaxes cando aparecen estes mobles? Na primeira escena Rosiña é un bebé que está no berce e o avó arrólaa cunha nana. Na última escena Rosiña tráelle a randeeira ó avó para que sente nela e agora é ela a que o arrola e a que lle canta a mesma nana que lle cantara o avó cando ela era un bebé.

¿Que podería significar isto? É o ciclo da vida. Aínda que as persoas se fan vellas e morren, as cousas que lles ensinaron ós más novos poden permanecer ó longo de moitos anos. Ademais, neste caso, Rosiña agradécelle ó seu avó todos os coidados que lle deu cando era pequena.

¿Que elementos do atrezo ou obxectos utilizan os personaxes?

Un xogo de café, con cunquiñas, pratos e culleres nunha bandexa; varios chupetes; a carteira de Rosiña, un bloque de debuxo, lapis e pinturas; dous cestos con millo (un grande e outro pequeno) espigas e carozos; un ovo; unha boneca que fala; o diario; unha candea nun candeeiro e uns mistos; a caixa dos segredos cos cinco obxectos (fita de veludo, buguina, colgante de cristal, frasco con romeu e culler); galletas; bastón; os zapatos do avó; un cesto pequeno; a carteira do avó coas láminas, un conto e as pinturas; unha manta, un iogur, un garfo, unha culleriña e un pano da mesa.

Debuxa unha escena determinada cos mobles, os personaxes e o atrezo.

Un elemento moi importante do atrezo é a "Caixa dos segredos" do avó.

¿Onde está gardada? Nunha arca de vimbio.

¿Cantas veces aparece durante a obra? Dúas. Cando Rosiña ten medo porque marchou a luz por culpa da tormenta e cando Rosiña intenta curar o avó.

¿Quen a saca de cada vez e para que? Primeiro sácaa o avó para "entreter" o medo de Rosiña e despois sácaa Rosiña para intentar curar o avó.

Dentro da caixa hai varios obxectos que lle lembran cousas ó avó. Ademais cada un deles está relacionado cun sentido diferente consonte o recordo do avó. ¿Saberías relacionar cada obxecto co seu sentido?:

- |                    |            |
|--------------------|------------|
| 1- cinta de veludo | 2- oído    |
| 2- buguina         | 5- gusto   |
| 3- cristal         | 1- tacto   |
| 4- romeu           | 3- vista   |
| 5- culler          | 4- olfacto |

¿Cales son os recordos que lle traen estes obxectos ó avó?

A *cinta de veludo* lémbralle cando coñeceu a avoa de Rosiña nunha festa e namorouse dela. A cinta levábaa ela no cabelo e, máis tarde, regaloulla.

A *buguina* colleuna nunha praia e lémbralle cando emigraron a América para gañar o pan.

O colgante de cristal é dunha lámpada moi bonita que mercaron para alegrar a súa casa. Ó pasar a luz por ela o cuarto enchíase das cores do arco da vella.

O *frasco de romeu* lémbralle as plantas medicinais que utilizaba o seu avó e que tiña colgadas a secar. Con elas curaba moitas doenzas de forma natural.

A *culler* lémbralle o caramelito para os flans que facía con ela a súa nai os días de festa. Despois deixáballa chupar a el ou a algún dos seus irmáns. Máis dunha vez queimou a lingua con ella porque o caramelito aínda estaba moi quente.

¿Que ocorre ó final da obra cando Rosiña vai sacando os obxectos da caixa?

Que primeiro o avó non se lembra de nada, nin coa *cinta de veludo*, nin coa *buguina*, nin co cristal, pero cando lle dá a ulir o *romeu*, que disque é a planta da memoria, empeza a acordarse. Entón Rosiña pensa que o seu avó está curado e que xa recuperou a memoria, pero cando está dando chimentos de alegria o avó chámalle Luísa, que é o nome da nai, e non a recoñece. Rosiña dáse conta de que o avó non curou.

Outro dos elementos importantes do atrezo é “O diario”.

¿En que escenas aparece o diario ó longo da obra? Na escena da véspera do aniversario de Rosiña e na escena en que Rosiña está a escribir nel.

¿Cal é a reacción de Rosiña cando o avó llo regala? Tira con el ó chan.

¿Porque fai iso? Porque ela pensaba que era un videoxogo.

¿Paréceche ben o que fai Rosiña? ¿Farías ti o mesmo?

¿Que fai entón o avó? Mándalle recollelo e como non o fai castíga.

¿Paréceche ben o que fai o avó?

¿Por que lle regala o avó un diario? Porque lle di que xa é unha mociña e que así pode escribir nel as cousas que lle pasen cada día.

¿Utiliza Rosiña o diario? Despois si.

¿Que está Rosiña escribindo no diario cando chega o avó? Está contando que os pais lle explicaron que o avó ten a enfermidade do Alzheimer.

Outro elemento do atrezo é o millo (espiñas, carozos, grans) e os cestos.

¿Que fai o avó coas espiñas de millo e os cestos? Está debullando, isto é, quitándolle os grans. Faino coa axuda dun carozo.

¿Gústalle facelo a Rosiña? Si lle gusta pero cando está enfadada non quere facelo.

¿Para que fai isto? Para botarlos os grans ás galiñas ou para moer despois os grans e facer fariña milla.

¿Que son os carozos? Son as partes internas das espiñas que quedan despois de debullalas.

¿Que constrúe con eles o avó? Constrúe unha torre á que lle chama castelo.

Outro elemento do atrezo é o ovo que se supón que puxo a galiña no medio da sala.

¿Que broma lle gasta Rosiña ó avó? Cacarexa para que o avó pense que hai unha galiña dentro da casa e despois pon un ovo no medio da sala para que pense que foi a galiña.

¿Pareceche divertida?

¿Enfadouse o avó? Non se enfadou porque tamén lle fixo graza.

¿Como remata esta escena? O avó axúdalle a recordar a canción da vella e os animais; escacha o ovo que gardara no peto e marchan recitando a llería do touporroutou e rindo ás gargalladas.

Outro elemento do atrezo é a boneca que fala.

¿Quen lle regalou esa boneca a Rosiña? Unha amiga.

¿Porque lla regalou? Porque áinda que non podía ir á festa do aniversario de Rosiña ela xa lle dera unha invitación.

¿Por que está enfadada Rosiña? Porque non quere celebrar o aniversario na casa do avó.

- ¿Como quere celebrar o seu aniversario? Quere ir con todos/as os/as compañeiros/as da clase a un local de celebracións e xogos con
  - o piscina de bolas
  - o pizza, hamburguesa, "gusanitos"
  - o karaoke con cancións de moda, etc.

Tamén quere que lle fagan moitos regalos.

¿Como lle di o avó que o poden celebrar? Como outros anos. Poden fazer un biscoito para os/as amigos/as de Rosiña (non os/as 25 da clase); tomar chocolate, cantar cancións coa guitarra, xogar a disfrazarse, etc.

¿Que tal se porta Rosiña nesta escena?

¿Paréceche ben que se porte así? ¿Por que?

¿Como remata esta escena? Rosiña tira co diario e o avó castíga.

¿Pensas que o avó ten razón para enfadarse e castigar a Rosiña?

¿Que ocorre despois? O avó recolle a boneca, contéstalle e fai o que lle pide pero cando empeza a soar a canción tolea.

¿Que decide facer o avó coa boneca que fala? Decide metela na corte co burro para que non o tolee máis.

¿Que sucede a continuación? Que hai unha tormenta, marcha a luz e Rosiña ten medo.

O avó prende unha candea e distrae a Rosiña coa caixa dos segredos para que non teña medo.

¿Despois de ver os obxectos da caixa dos segredos, que saca o avó? Unhas galletas.

¿Que lle di a Rosiña o avó? Que esas galletas son para as nenas que se portan ben ou para as que se portaron mal pero saben pedir perdón.

¿Pídelle perdón Rosiña? Si.

### 3. Iluminación.

¿Hai sempre a mesma luz no escenario? Non.

¿Lembras algunha escena onde houbese menos luz? Podería ser cando vén a tormenta, marcha a luz e hai lóstregos ou ó principio cando o avó xoga co bebé e só hai dous focos: un para o avó e outro para a actriz.


### 4. Son.

A música e os efectos sonoros axudan a crear emocións nos/as espectadores/as. ¿Lembras algunha escena na que os cambios na música ou os efectos sonoros che chamasen a atención? Poderían ser os tronos da tormenta ou, cara ó final da obra, a interrupción da música alegre cando Rosiña se dá conta de que o avó non curou e ela ponse moi triste.

# MIGALLAS

T E A T R O


Rúa de Erin, 2 4º C • Monte Parreiro • Tel. e fax: 986 864 757 • 36162 PONTEVEDRA



# MIGALLAS

TEATRO










Rua de Eriz, 2 4º C • Monte Porrero • Teléf. e fax: 986 864 757 • 36162 PONTEVEDRA



# MIGALLAS

TEATRO


Rua de Erin, 2 4º C • Monte Porreiro • Tel. e fax: 986 864 757 • 36162 PONTEVEDRA



# MIGALLAS

TEATRO

Rúa de Erin, 2 4º C • Monte Porreiro • Telf. e fax: 986 864 757 • 36162 PONTEVEDRA



MIGALLAS

T E A T R O

Rúa de Erín, 2 4º C • Monte Porreiro • TelF. e fax: 986 864 757 • 36162 PONTEVEDRA

